



Concello de RAMIRAS

galicia

NIF : P3206900 G

Tf. : 988 491 523

Fax : 988 478 604

E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 - Ramirás - Ourense

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE XANEIRO DO 2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Ramirás (Ourense) cando son as doce horas e dous minutos (12:02') do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnese a Corporación Municipal para os efectos de celebrar Sesión plenaria ordinaria en primeira convocatoria.

ASISTENTES.

Asisten ó acto, baixo a Presidencia de **Don Juan Carlos Rodríguez Matías**, Alcalde do Concello, os Sres concelleiros membros da Corporación seguintes:

- **Sr. Alcalde:** D. Juan Carlos Rodríguez Matías
- **Sres. Concelleiros:**
 - Dna. Isabel Gil Álvarez
 - Dna. Carmen Álvarez López
 - D. Manuel Álvarez Conde
 - D. Marcos Meléndez Alonso
 - Dna. M^a José Ledo García
 - Dna. M^a Cristina González Santalices
 - Dna. Manuela Méndez Mouriño
 - D. Antonio Pérez Vázquez

Asistidos pola Secretaria-Interventora M^a Begoña Quintas Fernández.

ORDE DO DÍA.

A Presidencia logo de comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

O Alcalde pregunta ós membros do Pleno se teñen algo que obxectar ás actas das sesións extraordinarias celebradas nas datas 15/12/2015 e 16/12/2015, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



Intervén a concelleira Dna. Isabel e di que o borrador da Acta de data 15.12.2015 recolle unhas intervencións do seu grupo político e outras non. Polo que, entende a concelleira, que a pesar da gravación das sesións, a redacción das actas está tendo un sesgo que prexudica ao seu grupo político.

Votan a aprobación das Actas e o Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba as Actas das sesións do Pleno de datas 15/12/2015 e 16/12/2015.

2º .- PROPOSTA PARA SUSCRIBIR O PACTO ENTRE ALCALDES

Iniciase o punto coa lectura da proposta que se trascribe, de xeito literal, deseguido:

"PROPOSTA PARA SUSCRIBIR O PACTO ENTRE ALCALDES

O Pacto dos Alcaldes pola enerxía é unha iniciativa da Comisión Europea (CE) para promover a nivel local a loita contra o cambio climático asumindo compromisos concretos de aforro enerxético e fomento das enerxías renovables.

É un compromiso de carácter voluntario, que se contrae no momento en que a Corporación do Concello ratifica o asinamento do Pacto dos alcaldes. E este compromiso supón a asunción do obxectivo de reducir as súas emisións nun 20% ata o ano 2020. Concretamente a seguinte estratexia:

- ✓ *Reducir un 20% as emisións de gases con efecto invernaderoiro (CO₂)*
- ✓ *Mellorar un 20% a eficiencia enerxética*
- ✓ *E incrementar un ulterior 20% o uso das enerxías renovables.*

A Deputación Provincial de Ourense está a ser o organismo impulsor da sinatura do Pacto entre Alcaldes dos concellos que forman parte da Rede de Municipios cara a Sostibilidade, e que a súa vez conforman a Axenda 21.

Á vista do importante deste compromiso, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Facultar ao Alcalde para suscribir o Pacto entre alcaldes, con pleno coñecemento de tódolos compromisos e, en particular, dos seguintes:

- *Ir más alla de los objetivos establecidos por la UE para 2020 y reducir las emisiones de CO² en nuestros respectivos territorios en, por lo menos, un 20%.*
- *Presentar un plan de acción para la energía sostenible, incluida la elaboración de un inventario de referencia de las emisiones en el que se resuma cómo se cumplirán los objetivos, en el plazo de u año desde la fecha mencionada.*
- *Presentar un informe de ejecución, al menos, cada dos años a partir de la presentación de plan de acción con fines de evaluación, seguimiento y control.*
- *Organizar "Días de la energía" en cooperación con la Comisión Europea y con otras partes interesadas, para que la ciudadanía pueda beneficiarse directamente de las oportunidades y ventajas que brindan un uso energético más inteligente, así como informar periódicamente a los medios de comunicación locales sobre el desarrollo del plan de acción.*
- *Asistir y contribuir a la conferencia anual de alcaldes de la UE*

SEGUNDO: Remitir copia deste acordo a Deputación Provincial."

Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e pregunta se isto vai supor custo para o Concello, e, en concreto a viaxe que está prevista no acordo.

Contesta o Sr. Alcalde e di que, en principio, non supón custo para as arcas municipais. Que a coordinación esta a realizarse polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial e que, en relación coa viaxe, de momento, o proxecto, non esta nesa fase, nin sabe onde serán as reunións. De todolos xeitos, o Alcalde di que non ten pensado viaxar máis aló de Santiago de Compostela e así se compromete ante o Pleno da Corporación. Continua a dicir o Alcalde que, no tocante ás reunións, o máis

lórico e que vaia unha representación dos dezanove concellos da provincia de Ourense, e preferentemente, que a representación sexa técnica.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e manifesta que mentres non se cumplan as reducións das emisións polas grandes potencias, ten pouco sentido, estas reducións a nivel local.

Intervén o concelleiro D. Marcos e di que o Concello ten pouco que mellorar, o único, as caldeiras de calefacción e vehículos.

Toma a palabra o Alcalde di que é asumible cumprir os compromisos do acordo, que as industrias cumpren cos parámetros das emisións.

Aclara a concelleira Dna. Isabel que tamén hai que ter en conta a industria do Concello.

Manifesta o Alcalde que estar no Pacto de Alcaldes e adoptar estos compromisos reportará beneficios en todas as actuacións que ten que ver co medio ambiente e pon como exemplo do futuro beneficio, mais puntuación para os perceptores de subvencións, tanto a nivel particular como de organismos públicos, sempre que teñan que ver coa redución de emisións de CO₂.

Comenta o concelleiro D. Marcos que logo afecta a todo o termo municipal e a tódolos sectores.

Intervén o Alcalde e informa que tamén verá as posibilidades de que declaren o concello de alta montaña e di que algúns concellos do entorno están declarados como tal sen ter mais montaña que Ramirás e que esta declaración tamén reportaría beneficios para os veciños.

O concelleiro D. Antonio di que nas subvencións actuais de explotacións gandeiras xa hai diferenza de ser de alta montaña ou non.

Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e di que cabe esa posibilidade de ser de alta montaña, sempre que haxa un punto alto e que neste caso, Ramirás, pode cumprir por estar na continuidade do Castro Leboreiro e se ten un punto alto é suficiente, como é o caso de Castrelo de Miño na zona que linda con Cartelle.

Intervén o concelleiro D. Marcos para dicir que lle parece que non deben esixir moitos requisitos para a cualificación do concello como alta montaña.

O Alcalde di que está reunindo información e que vai intentar tramitar a declaración de concello de alta montaña.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e recórdalle ao Alcalde que o compromiso para o Pacto entre Alcaldes e "non viaxes e custo cero" e o Alcalde confirmao.

Conclúe o debate, someten o asunto á votación e o Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Facultar ao Alcalde para suscribir o Pacto entre alcaldes, con pleno coñecemento de tódolos compromisos e, en particular, dos seguintes:

- Ir máis alla de los objetivos establecidos por la UE para 2020 y reducir las emisiones de CO² en nuestros respectivos territorios en, por lo menos, un 20%.
- Presentar un plan de acción para la energía sostenible, incluida la elaboración de un inventario de referencia de las emisiones en el que se resuma cómo se cumplirán los objetivos, en el plazo de un año desde la fecha mencionada.
- Presentar un informe de ejecución, al menos, cada dos años a partir de la presentación de plan de acción con fines de evaluación, seguimiento y control.
- Organizar "Días de la energía" en cooperación con la Comisión Europea y con otras partes interesadas, para que la ciudadanía pueda beneficiarse directamente de las oportunidades y ventajas que brindan un uso energético más inteligente, así como informar periódicamente a los medios de comunicación locales sobre el desarrollo del plan de acción.
- Asistir y contribuir a la conferencia anual de alcaldes de la UE

SEGUNDO: Remitir copia deste acordo a Deputación Provincial.

3º.- CREACIÓN, SE PROCEDE, DUNHA COMISION INFORMATIVA ESPECIAL

Inicia o punto o Alcalde explicando as razóns desta proposta de creación da Comisión Informativa especial para o Orzamento 2016, co texto que consta deseguido:

"D. Juan Carlos Rodríguez Matías, Alcalde-Presidente do Concello de Ramirás, considerando que é necesario facer efectivas reunións dos concelleiros para consensuar os asuntos que deben acordarse polo Pleno da Corporación.

Visto que a Lei, 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (art. 20) define as comisións informativas como órganos que ten por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno.

Presento ao Pleno a seguinte PROPOSTA SOBRE A CREACIÓN E COMPOSICIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL:

ACORDO:

PRIMEIRO.- Crear unha Comisión Informativa Especial para o estudo e informe do Orzamento do exercicio 2016. A dita comisión terá como función o estudo, informe ou consulta deste asunto previamente ao sometemento ao Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- A presidencia desta Comisión Informativa Especial correspóndelle ao Alcalde e, a maiores, estará composta por catro membros, distribuídos do seguinte xeito: 1 representantes do PP; 2 representantes do PSdeG-PSOE, e 1 representante do BNG.

TERCEIRO.- Unha vez adoptado o acordo polo Pleno da Corporación a Comisión Informativa Especial queda constituída a tódolos efectos, e esta Comisión extínguese automaticamente unha vez dictaminado ou informado o Orzamento do exercicio 2016.

CUARTO.- Non obstante, a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que formen parte desta en representación de cada grupo municipal, realizarase mediante escrito do voceiro deste dirixido ó alcalde, ou unha proposta de xeito oral na sesión que se acorde a creación da Comisión Informativa. Poderá designarse, de igual xeito, un suplente para cada titular.

Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e di que lle parece ben a proposta e pide que está Comisión teña as reunións pola tarde e que sexa na primeira quincena do mes. Tamén indica a concelleira que sexa coa antelación suficiente para poder ver a documentación.

Contesta o Alcalde e comprométese a cumprir estas condicións e propón a hora de celebración ás 15:00 horas e dille aos concelleiros que xa poden acordar día e hora de celebración da Comisión e propón algunhas posibles datas.

Intervén o concelleiro D. Marcos e di que el está dacordo con esta proposta de creación dunha Comisión Informativa Especial, e pola súa parte, con liberdade de horario e data, non obstante, manifesta o concelleiro que el é partidario de non demorar a reunión e propón a semana dos días 8 ao 12 de febreiro.

Pide a palabra a Secretaria e, trala concesión polo Sr. Alcalde, explica o funcionamento da Comisión Informativa Especial.

Intercambian opinións entre os concelleiros sobre a hora de celebración e posibles datas. Non hai acordo sobre o día da reunión e queda pendente a proposta de adscrición de concelleiros do grupo político – PsdeGalicia- co compromiso de comunicar esta adscrición nos próximos días. Queda pendente a representación do grupo político do PP.

Finaliza o debate, proceden á votación e o Pleno, por unanimidade dos concelleiros, acorda:

PRIMEIRO.- Crear unha Comisión Informativa Especial para o estudo e informe do Orzamento do exercicio 2016. A dita comisión terá como función o estudo, informe ou consulta deste asunto previamente ao sometento ao Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- A presidencia desta Comisión Informativa Especial correspóndelle ao Alcalde e, a maiores, estará composta por catro membros, distribuídos do seguinte xeito:

- 1 representantes do PP (pendente de comunicar a adscrición concreta polo Sr. Alcalde)
- 2 representantes do PSdeG-PSOE (pendente a adscrición concreta dos concelleiros)
- 1 representante do BNG: Marcos Meléndez Alonso

TERCEIRO.- Unha vez adoptado o acordo polo Pleno da Corporación a Comisión Informativa Especial queda constituída a tódolos efectos, e esta Comisión extinguese automaticamente unha vez dictaminado ou informado o Orzamento do exercicio 2016.

CUARTO.- Non obstante, a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que formen parte desta en representación de cada grupo municipal, realizarase mediante escrito do voceiro deste dirixido ó alcalde, ou unha proposta de xeito oral na sesión que se acorde a creación da Comisión Informativa. Poderá designarse, de igual xeito, un suplente para cada titular.

4º.- DECLARACIÓN DE SERVIZOS E FUNCIÓNS PRIORITARIAS QUE AFECTAN AO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DO CONCELLO DE RAMIRÁS

Infórmase aos concelleiros da proposta da alcaldía segundo consta na Proposta que se transcribe literalmente, a continuación:

“PROPOSTA PARA A DECLARACIÓN DE SERVIZOS ESENCIAIS E PRIORITARIOS AOS EFECTOS DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DURANTE O ANO 2016:

Debido ás restricións que fixa a lei de orzamentos xerais do Estado para a contratación de persoal laboral temporal, ao igual que xa se fixo nos dous últimos anos, proponse a aprobación dunha declaración de servizos esenciais básicos para o funcionamento normal do Concello –mantemento de infraestruturas; prevención de incendios; servizos sociais..-, e para os que resulta necesaria e imprescindible a contratación de persoal.

“A efectos do establecido no artigo 20.Dous, Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016:

“ Durante el año 2016 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los

sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales.”

Polo que propoño declarar sectores prioritarios porque afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, e acordar o seguinte:

PRIMEIRO: Declarar ós efectos da contratación de persoal laboral temporal necesario para cubrir necesidades urxentes e inaprazables como servizos esenciais e prioritarios nesta Corporación local para o exercicio 2016 os seguintes:

1.- Mantemento e revalorización de espazos urbanos:

-Traballos de limpeza, arranxo e viabilidade nas beirarrúas e camiños dos distintos lugares que compoñen o municipio así como das malezas dos arredores dos pobos.

-Reparacións nos edificios municipais e nos locais sociais do Concello de Ramirás, destinados a xuntanzas, cursos e charlas: traballos varios de albanelería, pintura interior e exterior, así como a súa limpeza.

-Mantemento das instalacións deportivas.

-Traballos de restauración, limpeza e mantemento en elementos do patrimonio artístico e cultural.

-Mantemento e limpeza de parques públicos municipais, parques biosaudabeis e infantís.

-Outros traballos imprevistos que poidan xurdir no tempo en que esté contratada a brigada de traballo.

2.- Xestión de augas e residuos:

-Canalizacións de auga: preparación e mellora das redes de auga nas distintas entidades de poboación.

-Limpeza de fosas sépticas.

-Restauración, limpeza e depuración das fontes públicas.

3.- Protección e limpeza de zonas naturais para a prevención dos incendios forestais:

-Rehabilitación e limpeza das áreas recreativas.

-Obras de conservación e mellora das rutas de senderismo.

-Limpeza de cortafogos e camiños en zonas con perigo de incendio.

4.- Punto de Atención á Infancia:

-Para a prestación dos servizos propios da gardería infantil.

SEGUNDO.- Declarar a necesidade e urxencia da contratación do persoal laboral temporal que se cita para os servizos afectados que se indican.”

Inicia o debate a concelleira Dña. Isabel e expón que as condicións do seu grupo son: 1º.- Publicitar para que se enteren tódolos parados do concello; 2º.- Que teñan todos os parados as mesmas posibilidades, sen cortapisas, independentemente da súa anotación por traballos; 3º.- Crear unha mesa similar á Comisión creada para o Orzamento para a elaboración das bases de contratación do persoal.

Toma a palabra o concelleiro D. Marcos para preguntar se esta declaración de servizos e funcións prioritarias implica contratar persoal para todas as tarefas enumeradas. Continúa a dicir o concelleiro que, é unha vella reivindicación do seu grupo político, ter bases de selección do persoal, non “postos a dedo” que esa é a liña a seguir, noutro caso, non apoiará a proposta. Manifesta a satisfacción por acadar a constitución da Comisión do Orzamento anque sexa sen remuneración.

Contéstalle o Alcalde que é unha relación de labores necesarias para o funcionamento dos servizos co gallo de ter cubertas todas as necesidades.

Informa o Alcalde aos concelleiros que os paneis publicitarios están en fase de colocación, que están colocados en Villameá, Rubiás, Escudeiros, San Andrés e faltan os de Paizás, Casardeita, Freás e o Mosteiro.

Intervén o concelleiro D. Antonio e di que o panel do lugar de Villameá, non está no lugar máis idóneo, porque, no caso de que os veciños teñan que parar os coches, para poder ver as publicacións, ten que parar no medio da estrada e propón outro lugar máis indicado para colocar a publicidade, na zona da poza.

Contesta o Alcalde que está propondo os lugares de costume de sempre, onde se están colocando actualmente os bandos, e en zonas neutras. Continua a dicir o Alcalde que a páxina web está a porse en marcha e que será outro medio importante de publicidade dos asuntos municipais.

Comenta o Alcalde que non ten inconvinte en facer mesas de traballo para elaborar as bases de contratación do persoal e que espera ter algunha subvención, ben sexa da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial.

Indica a concelleira Dna. Isabel que ten axudas da Deputación Provincial para contratar persoal. Continua a concelleira Dna. Isabel coa intervención e di que ela está a favor das mesas de traballo, o que non quere é participar se todo está decidido, quere participar para ter oportunidade de manifestar as súas propostas, e que isto só se consegue cunha Comisión paritaria e representativa da Corporación, como a que se creou.

Intervén o concelleiro D. Marcos e comenta que, a el, dalle igual se queren facer as comisións con tódolos membros da Corporación, e recórdalle a concelleira Dna. Isabel que, de momento, so se celebrou unha mesa de contratación (vivendas Rubiás) con representación de todos os grupos políticos, e que non asistiron, e que a posición do grupo PSdeGalicia é de non participar se non hai recursos, que o problema é non cobrar, que por isto, pon en dúbida a súa asistencia a Comisión Especial creada.

Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e insiste en que a mesa de contratación que refire estivo mal convocada e que por iso non asistiron. Que a situación de agora coa Comisión do Orzamento é distinta e que van asistir. No tocante á necesidade de recursos, defende a concelleira que estes son para pagarlle aos técnicos, porque queren asistir informados.

Contéstalle o concelleiro D. Marcos que para ter en conta as propostas ten que ser de interese para o Concello, que ata este intre, non propuxo asuntos de importancia.

Entran en discusión a concelleira Dna. Isabel e o concelleiro D. Marcos polos apoiados manifestados ao grupo de goberno.

Intervén o Alcalde e manifesta que el ten disposición para consensuar. Non obstante, indícalle á concelleira Dna. Isabel que acaba de solicitar publicidade para asuntos do Concello, cando non apoiou a posta en marcha dos taboleiros informativos e da páxina web.

Entran en debate a concelleira Dna. Isabel e o Alcalde sobre as formas de publicitar os asuntos, o custo dos paneis informativos e sobre os materiais destes.

Pide a palabra a Secretaria e trala concesión polo Alcalde, informa que a mesa de contratación (vivendas de Rubiás), á que non asistiu o concelleiro do PSdeGalicia, estaba ben notificada.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e di que os participantes na mesa de contratación ten que ser designados, previamente, polo portavoz do grupo político.

Aclara o Alcalde que o asunto que se somete ao Pleno é a declaración dos servizos esenciais e prioritarios para os que será necesario contratar persoal laboral temporal, que non é contratar persoal e que se compromete a consensuar cos outros grupos políticos a elaboración das bases de selección de persoal.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e di que na relación deste ano non aparece o servizo de AEDL e si esta en anos anteriores.

A secretaria pide a palabra ao Alcalde, trala concesión, informa que agora os concellos non ten competencias en Fomento do Emprego, polo que non é un servizo esencial ou prioritario.

Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e di que o Alcalde prorrogou a contratación do técnico AEDL no mes de decembro e non o consultou no Pleno.

Conclúe o debate, inician a votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda íntegramente os termos da proposta.

5º.- DAR CONTA DOS DECRETOS

- En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos ditados dende a última sesión do Pleno da Corporación.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

- FACTURAS APROBADAS

Intervén a concelleira Dna. Isabel e comenta que o Alcalde informou dun estudo de aforro enerxético por cambio de lámpadas que ia facer unha empresa de xeito gratuito. Que, non obstante, na relación de facturas dun Decreto de decembro aparece unha factura de gastos de Servizo de optimización suministros eléctricos municipais de importe 1.742,40 €.

O Alcalde explícalle que a factura aprobada é da empresa IP4 que o concello contratoulle a revisión da facturación eléctrica do ano 2015 e que a empresa xa propuxo e tramitou baixadas de potencia, cambios de comercializadora, reclamacións por non estar ben a facturación, etc.. Outra empresa veu ao Concello e propuxo un estudo gratuito con proposta de cambios para aforrar en custos, pero, nestas datas, aínda non presentaron nada.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e di que hai outra factura emitida por Jesus Del Caño de "Legalización instalacións "Tantos alzados Fenosa" e pregunta a que se corresponde.

Contesta o Alcalde que había pobos que non tiñan contadores de luz, O Tuño, Arrifana, O Piñeiro, etc. que cobraban a "tanto alzado" e Gas Natural advertiu que había que instalar contadores para continuar coa subministración de enerxía eléctrica.

Pregunta a concelleira Dna. Isabel por unha modificación de créditos que está nun Decreto de 18/12/2015.

Explica a Secretaria que se corresponde cunha modificación aprobada polo Pleno por importe de 700,00 € para o servizo de reparto de alimentos.

- BANCO EN CALVOS

Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e pregunta porque se retirou un banco no lugar de Calvos e o concelleiro D. Manuel explica en que lugar estaba o banco.

Contesta o Alcalde que ese banco moveuse para a entrada do lugar, porque lle pareceu que non se estaba a utilizar

O concelleiro D. Manuel di que non debería cambiarse, porque se está utilizando, anque non a cotío, que sí hai veciños que ven ao pobo e usan o banco.

O Alcalde contesta que lle levará un banco para ese lugar que hai bancos sen utilizar noutros pobos, que descoñecía que se usaba.

A concelleira Dna. Isabel comenta que os veciños séntense discriminados se lle retiran un banco, sen explicar as razóns, polo que é importante mantelos nos lugares que se utilizan.

- MELLORA VIAL EN CALVOS

Toma a palabra o concelleiro D. Manuel e di que ten pendente a mellora do borde da pista do lugar de Calvos hacia Fontebranca á saída do pobo, que xa é repetitivo na petición desta mellora. Di o concelleiro que falaran de facer un muro, pero outra alternativa e cementar todo o borde con algo mais dun metro.

Di o concelleiro que leva anos solicitando o mesmo e parécelle que non ten intención de facer nada.

Explica o concelleiro que perturba moito a circulación de vehículos e que é lamentable esta situación, cando ten unha solución tan sinxela e barata.

Contesta o Alcalde que pode facer a mellora de esa zona.

- ESTRADA NA FACHA

Intervén o concelleiro D. Antonio e di que unha zona da Facha necesita obras por o mal estado que presenta o vial, orixinado polo paso da auga, e a estrada está en aire o que supón que o día que pase un vehículo pesado fondese todo o vial.

Contesta o Alcalde que ten que mellorar iso e propón colocar un "pico de flauta" e di que tamén ten que mellorar a fonte que se está formando un buraco de grandes dimensións que é perigoso.

O concelleiro D. Antonio propón aterrar o buraco, di que é unha zanxa moi profunda, que xa tempo atrás caeu unha vaca.

O Alcalde di que naquel momento, cando caeu a vaca, cerrouse e fixose un muro, pero volveu abrir e ten que reparalo con pedras ou terra que verá o que se pode facer.

- PANEIS INFORMATIVOS

Toma a palabra o concelleiro D. Marcos e di que tiña unha pregunta en relación cos paneis informativos, en concreto sobre a ubicación do panel do lugar de Escudeiros, que xa llela contestou, en parte, cando comentou que os estaban colocando.

Contesta o Alcalde que falou cos veciños e que o van colocar o panel informativo no local social do pobo que é o centro de reunión de todos.

- PÁXINA WEB

Intervén o concelleiro D. Marcos para preguntar para cando estará a páxina web do Concello.

Contéstalle o Alcalde que estará funcionando en menos dun mes, di o Alcalde que a páxina ten un apartado de concelleiros e que ali poden colocar a información e datos que queira cadanseu e que xa lle facilitan a dirección para ver a páxina.

- POSTE DA LUZ NA CORREDOIRA

Intervén o concelleiro D. Marcos e manifesta que un poste da luz no lugar da Corredoira esta mal colocado, de sempre, e que impide a limpeza da pista, que hai que ver as posibilidades de cambialo de sitio.

Contesta o Alcalde e di que ten que comprobar se o poste é do Concello ou é de Fenosa e ver o que se pode facer para solucionar o problema.

Ao non haber máis asuntos a tratar na orde do día, cando son as trece horas e cinco minutos, (13:05'), o Sr. Alcalde da por rematada a Sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde



Juan Carlos Rodríguez Matías

A secretaria-interventora



Mª Begoña Quintas Fernández

60
1
2